



ACTA Nº 2021/5

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 26 de marzo de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

II. **Borrador da sesión extraordinaria urxente celebrada o 16 de marzo de 2021**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

III. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 16 de marzo de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. **Proposta da alcaldía relativa a designación de representante da corporación na Asociación de Concellos do camiño Fisterra a Muxía. Expediente Nº 2020/A006/000001.**

Considerando o seguinte Ditame:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 22 de marzo de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á designación de representante da Corporación na Asociación de Concellos do camiño Fisterra a Muxía. Expediente Nº 2020/A006/000001.

Considerando a seguinte Proposta:

"PROPOSTA ALALDÍA

ASUNTO: Designación de representante da Corporación na Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía.

EXPEDIENTE Nº: 2020/A006/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente de referencia tramitado no seu día e acordo adoptado na sesión plenaria de data 31.01.2020, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO.- Designar a D^a Emilia María Trillo Lojo, (Primeira Teniente de Alcaldesa e Concelleira Delegada de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego), como representante da Corporación na Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía e a D^a Emilia M^a Trillo Lojo, coa indicación expresa de que o presente acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

TERCEIRO.- Deixar sen efectos o/s acordo/s adoptados, que contradigan á presente designación.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A Secretaria: ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é designar a Emilia Trillo Lojo como representante da corporación na asociación de concellos camiño Fisterra a Muxía.

-----VOTACIÓN-----



Sométese a votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da Alcaldía relativa a desestimación da solicitude bonificación 95% ICIO a instancia da S.T. Consellería de Educación. Expediente Nº 2018/U026/000135.

Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 22 de marzo de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da Alcaldía relativa a desestimación da solicitude bonificación 95% ICIO a instancia da S.T. Consellería de Educación. Expediente Nº 2018/U026/000135.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Desestimación solicitude bonificación 95% ICIO a instancia da X. T Consellería de Educación.

EXPEDIENTE Nº: 2018/U026/000135.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito presentado pola X.T. da Consellería de Educación con NRE 20189000001460 de data 5 de decembro polo cal solicita a bonificación do 95% do ICIO na comunicación previa presentada para reparación de canalóns no IES Agra de Raíces en Cee.

Visto o informe emitido pola Tesourería Municipal en data 23 de febreiro de 2021, que literalmente se reproduce:

“Presentase, en esta Tesourería Municipal, escrito de X.T. DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, no que solicita a bonificación do 95% no ICIO polas obras de reparación de canalóns no IES Agra de Raíces.

Visto que a Ordenanza Fiscal, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, no seu artigo 10.- Normas de Xestión, apartado 4, dí:

“4. A efectos de la gestión de la bonificación señalada en el artículo 6 de la presente ordenanza se aplica el artículo 103.2 a) de la ley de haciendas locales que reza así:

Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros.”

A vista do contemplado na Ordenanza fiscal, esta Tesourería entende que NON procede aplicación de ningunha bonificación, dado que non concorren ningunha das circunstancias mencionadas no citado apartado.

Este é o meu informe que asino en CEE a vintetres de febreiro do dous mil vinteun.

A TESOUREIRA



Asinado dixitalmente."

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao PLENO da CORPORACIÓN a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude efectuada pola X.T. da Consellería de Educación con NRE 20189000001460 de data 5 de decembro pola cal solicita a bonificación do 95% do ICIO en relación a comunicación previa da obra de substitución de canalóns no IES Agra de Raíces, dado que non procede a bonificación ao non estar incluídas nas circunstancias indicadas no artigo 10 da Ordenanza Fiscal, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e de conformidade co informe transcrito na parte Expositiva.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación expresa de que Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto, 2 votos en contra do grupo político Independentes por Cee e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: a proposta é a desestimación a consellería da bonificación do 95% do ICIO para reparación de canalóns no Agra de Raíces de Cee, con base o informe de tesourería que di non procede a aplicación de bonificación por non concurrir causas previstas no artigo 10 da ordenanza fiscal reguladora do ICIO, facíase referencia na comisión correspondente a unhas obras realizadas no Euxenio López na lexislatura pasada, no ano 2016, comprobadas as actas, previamente a realización das obras foi aprobada a modificación da ordenanza onde se establecía que durante o exercicio 2016 unha bonificación do 95 % para construcións, instalacións e obras que se realicen en centros educativos de titularidade publica pero soamente para o ano 2016, polo tanto non resulta de aplicación a estas obras porque na ordenanza non se recolle.

Sr Vigo: simplemente para dicir que nos tamén comprobamos esa circunstancia era así e que o que si pedimos é que a futuro se poda facer a modificación na ordenanza correspondente no sentido de que, como hai que liquidar unha vez se pide a licenza para acometer a obra, automaticamente estamos a toro pasado, en calquera caso o que si condiciona o noso voto que foi negativo na comisión correspondente e agora vai ser abstención.



Sr Domínguez Louro: ben, si, foi así no ano 2016, houbo un cambio para ese ano da ordenanza pero repasando a documentación consideramos que ese cambio era innecesario, quero decir que, si ben o informe di que non procede, nos consideramos que si procede, polo seguinte, o artigo 10 da ordenanza fiscal apartado 4 di que a efectos da xestión da modificación do artigo 6 da presente ordenanza aplicase o 103.2 LRFL que reza: unha bonificación de ata o 95% a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou titularidade municipal por concorrir circunstancias sociais, culturais, artísticas, fomento emprego e demais, quero decir que a propia definición de educación porque falamos dun centro de educación a propia definición de educación di que é a formación destinada o desenrolo da capacidade intelectual, moral e efectiva de acordo as normas de convivencia da sociedade, por iso pensamos que debe facerse esa bonificación a consellería e que o contrario do informe consideramos que as circunstancias sociais e culturais si están englobadas no termino da educación polo tanto pensamos que si se debería facer esa bonificación incluso dicindo que no ano 2016 pareceunos que igual non era necesario e digo isto tamén porque despois do ano 2016 cando se leva a pleno o alcalde de aquel momento o Sr Vigo propón o pleno da corporación a adopción do seguinte acordo: primeiro declarar a obra referida de especial interese e utilidade pública por concorrir circunstancias sociais e culturais, o que se aproba é o que está na propia ordenanza antes de ser modificada, esa é a nosa interpretación e non estamos de acordo con desestimar a bonificación, se debería de facerlle a redución do 95%.

Sra alcaldesa: ese é un criterio interpretativo que non coincide co dos técnicos do Concello, a desestimación é en base o informe técnico que consta no expediente na propia proposta de resolución, en todo caso, se podería estudar unha modificación para que quedara mais claro dentro da propia ordenanza fiscal e concretar este punto dunha forma definitiva, cunha bonificación do 95% para estos casos en concreto de reparación e obras en centros educativos, si a maioría da corporación o considera pertinente se estudiará nunha comisión e se traerá a pleno e evitamos interpretacións dubitativas.

Sr Domínguez Louro: esto foi consultado ademais con outras persoas con coñecementos mais exhaustivos de ordenanzas e a interpretación era a que acabo de nomear e a que facía na propia comisión e pensamos que non e necesario retocar a ordenanza sin embargo si eso vai en próximas ocasións haber puntos de fricción nese aspecto e é necesario cambar a ordenanza o BNG está a favor porque si a xunta quer invertir aqui que non sexa porque non rebaixemos o ICIO que veñan con todos os cartiños que poidan que llo vamos facilitar todo o que poidamos para que invirtan inda que sexa unha obra de mantemento como é esta, que se terá que dar cada x tempo inda así é necesario poñer da nosa parte poñamos que non se perda a intervención da xunta en invertir en Cee

Sra alcaldesa: unha matización, as propostas e resolucións da alcaldía sempre se basearan nos informes técnicos do concello, ou si procede dalgún informe externo teñen que constar no expediente con carácter previo a dita proposta

Sr Domínguez Louro: non entendo a que ven esa aclaración do informe externo

Sra alcaldesa: digo que a veces temos informes dos técnicos do concello e a veces se amplían con informe externos pero forman parte do expediente antes de redactar a proposta, non podo facer modificar agora unha proposta sen informe técnico pertinente.

Sr Domínguez Louro: eu non estou pedindo eso non sei porque fai o matiz, non pedin eso simplemente dou a opinión nosa sobre o asunto, non estou pedindo outra cousa.

Sra alcaldesa: fai referencia a que falou con outros persoas coñecedorass

Sr Domínguez Louro: fago referencia a iso para dicirle que o consultei pero non hai nada é unha consulta como a podería ter feito a Vde en outra ocasión.

-----VOTACIÓN-----

Sométese o ditame á votación e resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos municipais PSOE e Grupo Mixto, 2 votos en contra do grupo municipal BNG e 6 abstencións dos grupos municipais PP e IXCee.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



4. Proposta da Alcaldía relativa a estimación da solicitude bonificación 95% ICIO a instancia de Búa Construcciones y Servicios SL. Expediente Nº 2020/U022/000005.

Considerado o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 22 de marzo de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

3. Proposta da Alcaldía relativa a estimación da solicitude bonificación 95% ICIO a instancia de Búa Construcciones y Servicios SL. Expediente Nº 2020/U022/000005.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Estimación solicitude bonificación 95% ICIO a instancia de Búa Construcciones y Servicios SL.

EXPEDIENTE Nº: 2020/U022/000005.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito presentado por D. [REDACTED] en representación de Búa Construcciones y Servicios SL, con NRE 202099900000206 de data 17 de abril polo cal solicita a bonificación do 95% do ICIO na construción dunha Nave-Almacén na parcela número 8 do Parque Empresarial de Cee.

Visto o informe emitido pola Tesourería Municipal en data 2 de marzo de 2021, que literalmente se reproduce:

“INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude presentada por BUA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, SL, con CIF B70355615, no que expón que vai a proceder a construción de unha Nave-Almacén, na parcela número 8 de Parque Empresarial, e solicita a bonificación do 95% no Imposto sobre Construccions, Instalacions e Obras.

Vista a Ordenanza Fiscal, reguladora do Imposto sobre Construccions, que no seu artigo 6, apartado b, dí:

“b) Se establece la siguiente bonificación:

Construcción, instalación u obras necesarias para la la implantación de empresas en el Polígono Industrial de Cee que soliciten la licencia de construcción instalación u obra durante los ejercicios de 2020 y 2021: 95%.”

A vista da documentación presentada e que reúne todos os requisitos establecidos na Ordenanza reguladora, esta Tesourería informa FAVORABLEMENTE a aplicación da bonificación do 95% do Impostos sobre Construccions, Instalacions e obras.

E canto informa en CEE a dous de marzo do dous mil vinteun.

A TESOUREIRA

Asinado dixitalmente.”

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Estimar a solicitude efectuada D. [REDACTED] en representación de Búa Construcciones y Servicios SL, con NRE 202099900000206 de data 17 de abril polo cal solicita a bonificación do 95% do ICIO na construción dunha Nave-Almacén na parcela número 8 do Parque Empresarial de Cee, dado que se reúnen todos os requisitos establecidos na Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO e de conformidade co informe transcrito na parte Expositiva.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación expresa de que Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, neste caso si que na ordenanza aprobado nesta lexislatura consta unha bonificación do 95% para obras no parque empresarial para exercicios 2020-2021 e procede a bonificación no ICIO e igualmente consta informe de tesorería favorable a aplicación de dita bonificación.

-----VOTACIÓN-----

Sométese a votación o ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

- 5. Proposta da Alcaldía relativa a acordo para solicitude de subvención nominativa a Deputación Provincial da Coruña, para as seguintes obras:**

“SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE”. EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000102.
“MELLORAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL “SAN PAIO DE REFOXOS” DE CEE”.
EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000099.

Considerando o seguinte Ditame:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día luns 22 de marzo de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da Alcaldía relativa a acordo para solicitude de subvención nominativa a Deputación Provincial da Coruña, para as seguintes obras:

“SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE”. EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000102.
“MELLORAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL “SAN PAIO DE REFOXOS” DE CEE”.
EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000099.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Acordo para solicitude Subvención Nominativa.

Organismo Financiador: Deputación Provincial.

OBRAS:

“SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE”. EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000102.
“MELLORAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL “SAN PAIO DE REFOXOS” DE CEE”.
EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000099.

Considerando as razón de interese público que consta na MEMORIA EXPLICATIVA da obra: SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE, obrante no expediente, conforme a cal:

O obxecto desta solicitude é a construción dunha senda peonil na marxe dereita da estrada AC-197 desde o núcleo de Ameixenda ata a estrada AC-550, dirección Sur. Dito percorrido ven sendo utilizado polos veciños e turistas do concello pero carece de beiravías e de protección lateral de seguridade.

A principal razón de interese público para a urxente execución desta actuación é a seguridade dos viandantes que percorren a ruta tanto na busca dunha vida saudable como pola súa importancia turística. Esta senda converteuse nun itinerario moi transitado, tanto pola súa ubicación como pola súa importancia dende un punto de vista paisaxístico e natural, xa que dá acceso na súa marxe dereita ao mirador de Gures, cunha impresionante vista panorámica da Ría de Cee-Corcubión e do Cabo de Fisterra, e na súa marxe esquerda ao merendeiro de Ameixenda tamén con excepcionais vistas. Ademais esta senda forma parte do programa de Camiños Activos do Concello de Cee (camiño activo 7-Cee-Ameixenda) que ten unha visión integradora da actividade física, natureza, cultura e turismo e coa finalidade principal de promover a práctica do exercicio físico de forma regular e saudable entre a nosa veciñanza. Como consecuencia dos peches perimetrais locais provocados polo COVID estimulouse o uso deste tipo de rutas de proximidade por parte dos veciños do concello. Sin embargo, dende un punto de vista de seguridade vial presenta importantes problemas dado se trata dun tramo de vía que sae do núcleo de Ameixenda e finaliza na estrada autonómica AC-550, carecendo practicamente de beiravía en gran parte do seu percorrido. Como consecuencia xa tiveron lugar varios accidentes ocasionados entre vehículos e viandantes que circulaban pola beira da estrada. Así mesmo o lateral dereito da vía percorre a ruta a media ladeira do monte de Ameixenda non existindo nese lateral protección contra caídas. Así mesmo con posterioridade ao prazo para presentación do POS procedeuse polo propietarios colindantes á senda á tala do arbolado colindante, incrementando o grao de inseguridade. Dado que o forte incremento do uso deste percorrido en datas recentes, resulta urxente actuar de forma inmediata sobre esta senda peonil para incorporar elementos que garantan que se pode circular con seguridade. Non existindo neste momento ningunha convocatoria de concorrencia competitiva ou liña de axuda á que se poida acoller o Concello.

O orzamento total do proxecto ascende a 110.770,88 €, estando prevista unha aportación municipal de 22.154,18 € correspondente ao 20% do mesmo.



IMPORTE TOTAL	110.770,88 €
APORTACIÓN MUNICIPAL	22.154,18 €
APORTACIÓN DEPUTACIÓN	88.616,70 €

Considerando así mesmo, a razón de interese público que consta na MEMORIA EXPLICATIVA da obra: "MELLORAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL "SAN PAIO DE REFOXOS" DE CEE", obrante no expediente, conforme a cal:

O obxecto desta solicitude e impermeabilización do gradarío do campo de fútbol municipal, dado que se producen filtracións de auga de chuvia cara o interior do mesmo, onde se sitúan os vestiarios provocando danos nos mesmos. Isto da lugar a imposibilidade da súa utilización dado que o nivel de humidade é tan alto que supón un risco sanitario para a saúde dos usuarios.

Consideramos que as obras de mellora descritas no proxecto son de especial prioridade e urxencia polos seguintes motivos:

O gradarío onde están ubicados os vestiarios e almacéns (zona baixa) contaba inicialmente cunha cuberta metálica que foi retirada polo seu estado de deterioro. Debido á orientación da estrutura, con condicións meteorolóxicas adversas, supoñía un risco tanto para o público como para o usuarios, polo que se optou pola súa retirada. Esta circunstancia fai que na actualidade a auga da chuvia se filtre aos vestiarios e ás diferentes dependencias cos consecuentes danos estruturais (humidade en teitos e paredes, goteiras, ...), así como as incomodidades que sofren os deportistas que fan uso da instalacións. O progresivo deterioro destes espazos leva a que no momento actual as condicións dos locais (tal e como se pode observar nas fotografías do proxecto técnico) supoñen un risco de salubridade para os usuarios das instalacións, aspecto que se ve agravado polo feito de que os mesmos son maioritariamente menores de idade. Os acontecementos meteorolóxicos dos últimos meses agravaron esta situación, ata o punto de que resulta necesaria unha intervención inmediata, non existindo no momento actual liñas de axuda ás que o concello poida acollerse para dar solución a este problema.

O orzamento total do proxecto ascende a 33.536,86 €, estando prevista unha aportación municipal de 22.154,18 € correspondente ao 20% do mesmo.

IMPORTE TOTAL	33.536,86 €
APORTACIÓN MUNICIPAL	6.707,37 €
APORTACIÓN DEPUTACIÓN	26.829,49 €

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar o interese público provincial da solicitude da subvención provincial para o acometemento das obras indicadas na parte expositiva así como das referidas obras.

SEGUNDO.- Faise constar:

En relación á obra: "SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE"

O orzamento total do proxecto ascende a 110.770,88 €, estando prevista unha aportación municipal de 22.154,18 € correspondente ao 20% do mesmo, sendo a aportación provincial dun 80%.

IMPORTE TOTAL	110.770,88 €
APORTACIÓN	22.154,18 €



MUNICIPAL	
APORTACIÓN DEPUTACIÓN	88.616,70 €

En relación a obra: "MELLORAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL "SAN PAIO DE REFOXOS" DE CEE".

O orzamento total do proxecto ascende a 33.536,86 €, estando prevista unha aportación municipal de 22.154,18 € correspondente ao 20% do mesmo, sendo a aportación provincial dun 80%.

IMPORTE TOTAL	33.536,86 €
APORTACIÓN MUNICIPAL	6.707,37 €
APORTACIÓN DEPUTACIÓN	26.829,49 €

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é a necesidade por parte de que o pleno aprobe o interese público provincial con relación a dúas subvencións nominativas comprometidas polo presidente da deputación co concello de Cee, para unha senda peonil en Ameixenda por un importe total 110.788 euros, a Deputación aportará 88.616,70, con relación a esta senda, a construción dunha senda peonil na marxe dereita da estrada AC 197 dende o núcleo Ameixenda ata estrada Cee 550 dirección sur, dito percorrido é utilizado polos veciños e turistas, carece de protección lateral de seguridade, converteuse nun itinerario moi transitado pola ubicación e importancia paisaxística e natural, cunha impresionante vista panorámica da ría de Cee-Corcubián e cabo Fisterra, forma parte do programa dos camiños activos do concello de Cee pero dende o punto de vista da seguridade vial presenta importantes problemas dado que nese tramo desa vía que sae do núcleo de Ameixenda e finaliza na estrada AC 550 carece de beiravía no seu percorrido, a obra consiste nunha senda de formigón cun ancho medio de 2 metros, mínimo de 1.80 máximo 1.70, a separación ca calzada farase cun bordillo de 70 cm sobre o asfalto se instalará unha canalización de auga potable ata o cemiterio moi demandada polos veciños e veciñas de Ameixenda e haberá un paso peóns sobreelevado que se sitúa nas mediacións do cemiterio concretamente que está no marxe oposto a dita senda, se canalizarán como é obvio as augas pluviais. A outra das obras, a mellora do estadio de San Paio de Refoxos por un importe de 33536,86 euros e a deputación aportaría 26829,49 euros, o 80 %, consiste na impermeabilización do graderío do campo prodúcense filtracións da auga da choiva e polo tanto é necesario realizar dita impermeabilización porque nos vestuarios entra auga.

Sr Dominguez Louro: moi rápido, simplemente nos últimos anos no Pos levábamos a obra da Ameixenda, da necesidade da senda peonil, polo tanto parécenos adecuado e acertado tentar que a Deputación financie esa obra, en canto o das gradas do estadio, xa nun pleno o advertiram que



podían pasar estas cousas e pasaron porque non están adecuadas as gradas para impermeabilizar totalmente de auga e xa fai anos que aquilo incluso con gradas había filtracións de auga, agora moito mais, polo tanto tamén nos parece necesario e a vamos apoiar sen problema

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/las da Corporación.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

I. Da Nº 159/2021 do 18 de febreiro á Nº 297/2021 do 18 de marzo.

Quedan enterados/as.

7. Dar conta do envío o MFAP:

a) Plan Presupostario a Medio Prazo (2022-2024).

Quedan enterados/as.

b) Orzamento 2021(prorrogado).

Quedan enterados/as.

c) Tipos Impositivos.

Quedan enterados/as.

8. Mocións de urxencia.

Intervén o Sr Domínguez Louro e di que trae o Pleno a MOCIÓN sobre incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros en Galiza.

Sométese á votación a urxencia e resulta ratificada por unanimidade da Corporación.

Considerando a seguinte Moción:

“Exposición de motivos

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precarización de emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos moitas veces dubidosos ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de galeguidade do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017. A perda de músculo financeiro de Galiza foi

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



analizada polo nacionalismo galego como un dos principais problemas do noso país, con graves consecuencias no tecido económico e produtivo.

Desde o BNG seguimos defendendo que a alternativa a esta situación pasa necesariamente por medidas estruturais para regular o sector financeiro para limitar a especulación e subordinar a actividade financeira ás necesidades socioeconómicas do noso país. Para iso, apostamos polo impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos de crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Coa irrupción da pandemia do coronavirus a cobiza das entidades vai a máis e empregan o coronavirus coartada para seguir adiante cunha folla de ruta de olipolización orquestrada tamén a nivel europeo e internacional.

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Abanca incrementaba de forma substancial as súas comisións e cambiaba as condicións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos, como é o do Banco Santander, é xa imposible pasar diante dunha sucursal sen ver enormes colas que non se explican pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrígalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas. A gota que colmou o vaso foi a campaña publicitaria que Abanca tivo que retirar por presión social ao “convidar” aos noso maiores a empregar este soporte da mesma maneira que ven as e os netos na tableta. A campaña é só a punta do iceberg do que está acontecendo e do desamparo que sofren as e os consumidores, especialmente os máis maiores e as persoas con peores situacións económicas, que non son clientes interesantes para as entidades, que buscan elimalos. O feito de Abanca retirar a campaña non está a supoñer un cambio no modus operandi desta ou doutras entidades.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

Esta grave situación fai necesaria unha ampla resposta social e política ante a inacción do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, ou do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.

Por todos estes motivos, o Pleno do Concello adopta os seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Acordos

- 1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.
- 2., Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.
3. *Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.*

-----INTERVENCIÓNS-----

O Sr Domínguez Louro explica a moción e lee os acordos a adoptar.

Sr Vigo: compartimos na súa meirande parte a exposición de motivos independentemente da respiración asistida que evidentemente existiu no seu día pero en calquera caso a banca ten que dar un servizo ao cidadán e ten que ser un servizo de cercanía e está desaparecendo e non pode ser un mercado mais de outro tipo de produtos pois vinculan a unha serie de servizos que non ten nada que ver co feito orixinal e co lei motiv da súa presenza....corte son....estamos de acordo con todas as propostas.

Sra Alcaldesa: o goberno vai votar a favor

Sr Dominguez Louro: o Sr Vigo cando eu presento unha moción inda que estea de acordo sempre pon a súa puntilla de algo

Sr Vigo: non é nada negativo

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Moción e resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

O Sr Pérez di que lle gustaría facer unha aclaración, a maioría das veces que o BNG presenta mocións todos estades a favor, pero claro, o PP e o PSOE sodes partidos que estades no goberno central e da xunta, e claro, aprobades as mocións do BNG que son as mais razonables pero non se fai nada para que a situación cambie, e o dos abusos bancarios é un bo exemplo para empezar a facer algo, osea, non se pode consentir o que fai a banca ca clientela, aparte de votar a favor tanto o PP e o PSOE que sodes partidos que estades no poder, deberíades de facer algo.

Sra alcaldesa: podolle asegurar que na miña faceta profesional son unha loitadora nata en materia de dereito bancario en defensora dos usuarios e consumidores, e na parte política tamén son unha das que mais reivindica noutras instancias os abusos bancarios.

Sr Pérez: non discuto a súa santidad, falo do PSOE e PP como partidos de poder, partidos que levan gobernando no estado español toda a vida, non me refiro nin ataco a Vde.

Sra alcaldesa: Digolle que o graniño que podo poñer como alcaldesa ou sin ser alcaldesa formando parte dun partido,

Sr Pérez: Si ,si entendo pero quero que poña un gran moito mais grande, un saco de grans

Sra alcaldesa: Pero nos somos unha corporación local non un ministerio

Sr Pérez: Vale pero quero deixar claro que tanto o PP como PSOE aproban as mocións do BNG pero non fan nada por cambiar a situación no estado español nin en Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



9. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: unha, con respecto a expropiación da depuradora como vai o tema?

Sra alcaldesa: me teñen que mandar desde augas de Galicia a proposta dos terreos para iniciar os trámites pero primeiro vai ser a posta a disposición do terreo para facer as catas, unha vez redactado o proxecto, o que me indicou a directora de augas de Galicia, se me indicará a posta a disposición que temos que poñer para realizar as catas, unha ocupación temporal e unha vez comprobado que o terreo é adecuado empezaremos o inicio da expropiación .

Sr Domínguez García: respecto o cemiterio vello, se me queixaron varias señoras que parece ser que queda a porta aberta entran os cans excaban nas sepulturas e están preocupadas habería que poñer un letreiro eu digo o problema a solución tedes que buscala vos.

Sra alcaldesa: atenderei o rogo

Sr Vigo: quería que me informara sobre os seguintes pasos que proceden ou que van acontecer con respecto a licenza de ██████████

Sra alcaldesa: en ese asunto non podo responder xa sabe que eu me abstiven por razóns profesionais iniciais, unicamente darlle traslado a concelleira delegada neste asunto a Sra Trillo.

Sra Trillo: o único que puedo decir é que presentou un recurso de reposición que se acaba de contestar a súa desestimación, e os próximos pasos serán os que digan os técnicos.

Sr Vigo: pero os técnicos do concello aínda teñen que volver a informar unha vez o concello emite esa resolución?

Sra Trillo: non agora mesmo xa está feita a resolución e informada, pero pode interpor algúnha demanda ou non, depende o que vai facer o Sr ██████████ que eu non o sei.

Sr Vigo: debería presentar algún escrito de alegación ou similar?

Sra Trillo: alegación xa non.

Sr Vigo: por eso pregunto que é o que procede no seu caso si o fai para saber un pouco en que punto estaríamos.

Sra Trillo non sei o que vai facer, cando faga depende dos técnicos, o que digan, sinto non poder dar mais información poque está en ese punto, se contestou ou recurso que interpuxo e nada mais

Sr Vigo: vai depender da decisión que tome este Sr con respecto o que se resolveu.

Sra Trillo: claro

Sr Vigo: gracias

Sra Iglesias: respecto a la empresa de limpieza de dependencias, parece ser que cobraron ahora el 19 de marzo las trabajadoras y que la nueva empresa es de Zas, es buena la información? nos puede informar?

Sra alcaldesa: es cierto, hubo una cesión otorgaron escritura ante notario, presentaron la documentación y los trabajadores están subrogados en la nueva empresa, el día 19 cobraron, no sé si todo de forma correcta o si falta alguna cantidad, se que cobraron el mes de febrero y de marzo también por lo que me indicaron no sé con certeza si esas cantidades son correctas o les falta alguna hora porque a veces hay desajustes pero si, empezó la nueva empresa.

Sra Iglesias: cobraron marzo?

Sra alcaldesa: los días de marzo, claro, la cesión se produjo el día 18 de marzo, la escritura en notario la firmaron el 18, hasta el 18 le corresponde a la anterior empresa y a partir del 18 de marzo ya la nueva empresa.

Sra Iglesias: la subrogaciones evidentemente se haría todo el personal en las mismas condiciones.

Sra alcaldesa: claro

Sra Iglesias: quería preguntarle porque si por algún motivo en especial, vemos que la empresa de alquiler de los coches de los Reyes Magos, no es de aquí, no había coches aquí? ningún concesionario? porque motivo?



Sra alcaldesa: pues mire se encargó el técnico de deportes, habló con todos los concesionarios de Cee y fue totalmente imposible el alquiler aquí y se tuvo que acudir a donde pudo alquilar y fue complicado poder hacerlo, no fue fácil conseguirlo.

Sra Iglesias: el técnico de deportes o de cultura?

Sra alcaldesa: me confundí el técnico de cultura, Víctor Castiñeira.

Sra Iglesias: quería un ruego me comentaron que el parque de Camiños Chans desde la última vez que estábamos nosotros en el gobierno, había tiempo se arregló ahora parece que los juegos están astillados y en la zona del columpio se necesita que se rellene con tierra o arena porque hay un hueco y cuando llueve hace poza, y ya había pedido por las redes sociales y se le contesto que estaban enterados pero para recordarlo, que hay muchos niños que van a ese parque y no estaría mal arreglarlo. Por otra parte felicitar a la policía local o policías locales y al gobierno porque estoy contenta que se haya sancionado a una persona, porque un animal de compañía que hacía deposiciones en la calle, cuando estaba en el gobierno no fuimos capaces de localizar a los dueños, pero el que tiene un animal tiene que cuidarlo sino no tenerlo como optamos algunos porque no podemos cuidarlos, cada uno tiene que ser responsable, es la primera sanción que veo, felicidades de mi parte. Espepro que siente precedente.

Sra alcaldesa: gracias.

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas, a miña primeira pregunta era sobre a empresa de limpeza pero está aclarado. A segunda é sobre a estrada Touriñán, si se fixo algo sobre o que nos rogamos no último Pleno que era tratar de convencer a autoridade portuaria de que era necesario invertir eses cartos que foron a baixa sobre o presuposto total, sobre 190.000 euros que quedaron sen gastar, cremos que a obra non estivo ben executada polo menos ate onde deixaron na primeira fase.

Sra alcaldesa: teño unha reunión coa autoridade portuaria, senón pode ser a semana que ven a seguinte, trasladei a necesidade dunha serie de melloras e quedamos en falalo personalmente darei traslado.

Sr Domínguez Louro: digo tamén porque estes días aproveitando bo tempo volveron a reanudar a obra no punto no que acabaron, non o seguín en todo o seu treito o pouco que vin se tomaron un pouco mais en serio a obra e parece que está quedando mellor executada que antes, tamén e certo que o que está feito si non van rectificar mais, non avanzamos moito, cando menos no tramo que fixeron ata agora que o deixen ben, si de aqui para adiante siguen como vin eu este ramo de km e pico seguramente queda ben, tamén decir que si siguen así quedará mellor a parte de Cee que a de Muxía, correspóndenos velar por toda vía e non so polo tramo de Cee, digo por si ten a reunión que lle insista que esa parte do Concello de Muxía que quede ben porque o final é ben para todos. Sería bo que lle fixese saber que é necesario unha auditoria, revisar a ponte da Pontenova, porque me molestei en baixar abaixo o lado do río, agora mesmo, das vigas que existen hai ferros o aire e entra dentro da herdanza que vamos a recibir despois de que remate a obra co cal sería bo que cando menos a autoridade portuaria asumise esas melloras. Engadir que entre viga e viga inda hai tramos tapados polos antigos encofrados que sería necesario retiralos de alí e ver como está esa parte. Igual digo nas varandas que existen encima da ponte que levan tanto como a ponte, as pintaron non fai moitos anos pero sería o asegurarse de que están ben que as deixen nunhas condicións óptimas porque tamén pode resultar perigoso para viandantes e propios coches non sei si sería bo como non hai acceso peonil, colocar uns quitamedos diante das propias varandas para evitar en calquera momento poda haber un accidente, ter en conta que esta vía arreglada prestarase a mais velocidade e o risco de accidente maior. O outro tema é sobre a depuradora de augas residuais de Lires, hai unha das soplantes que está estropeada ou ten algunha deficiencia e cada vez que entra, nun período de 20/25 minutos, 2 veces a hora, fai un ruído tremendo, puiden comprobalo co veciño mais cercano que fun con el, estaba arrancando e fai un ruído tremendo, desperta os veciños e veciñas, hai vivendas de turismo rural que estarán e esperemos que estean ocupadas todo verán e semana santa cos seguintes prexuízos que leva, molestias os turistas e non é no, engadir ademais que é bo para nos que cando un veciño ou veciña lle pregunte a unha das persoas que está alí, non sei quen foi, parece



Exp. 2021/G010/000005

ser que esta persoa facendo traballos de limpeza lle comentou o asunto, non recibiu unha contestación como debería de ser, non sei quen foi a persoa, si é do Concello si non é do Concello, traballa para nos, creo que un mínimo que debe de haber é cordialidade cun veciño que está sufrindo un problema, non se pode falarlle mal os veciños e veciñas non costa nada ser educado, si ten Vde acceso a saber quen foi alí, si non sabe non o sabe, en calquera ocasión que teña se lle pode trasladar, trasladello, empeora a imaxe deles e do Concello.

Sra alcaldesa: respecto o tema da Pontenova, onte pola tarde estiven alí, as obras están un pouco antes, estiven examinando a ponte, coincido completamente no que acaba de dicir respecto os quitamedos, varandas, situación da ponte, despois de estar alí chamei o alcalde de Muxiá que afecta os dous concellos, coincidimos nesa reunión de plantexar o tema de que esto tamén o tiñan que deixar arranxado antes da cesión da vía. Con respecto o tema da depuradora de Lires, mirarei o tema da soplante e preocupareime de saber que pasou e quen foi e tomar as medidas necesarias respecto o que me acaba de dicir.

Sr Domínguez Louro: digo que é unha soplante e o mellor non é, si non é será maquinaria de dentro, compresor que fai un ruído que molesta

Sra alcaldesa: o que sexa

Sr domínguez Louro: si tivo comunicación da empresa sobre o tratamento de fango na depuradora de Cee.

Sra alcaldesa: preguntei e me contestaron que estaban recopilando toda a información que había solicitado porque remitín un oficio co asunto o escrito por Vde presentado tan pronto como teña a documentación lla remito por correo electrónico

Sr Domínguez Louro: perfecto pero de verdade que recopilar eses datos leva media hora e xa doutra vez mandaron algo que non tiña nada que ver a ver si vai desta en canto teña si fai o favor fágao asi pasemo por correo electrónico, agradezo.

Ás 20:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán